

ARTEFACTOS PARA A VIDA NA RÚA ATOPADOS NA CIDADE DE MAPUTO



TEXTO: PLÁCIDO LIZANCOS
IMAXES: XAQUÍN LIZANCOS E PLÁCIDO LIZANCOS

Os censos e catastros non acertan co número de persoas que viven en Maputo, a capital de Mozambique. Son invisibles.

Os documentos de diversas organizacións describen un continxente amplo, que sitúan nos intersticios da cidade. Son un grupo heteroxéneo. Meninhos e meninhas da rúa, anciáns, persoas desfavorecidas en xeral, inmigrantes e persoas refuxiadas, discapacitados e transeúntes. Tamén forman parte deste censo os que se aferran á rúa para facer efectivo o seu dereito á cidade.

A pegada desta xente imperceptible recoñécese aquí e aló en dispositivos, artefactos ou riscos. Trátase ás veces de sutís trazos nun pavimento, dunha marca á beira dunha vía. Ocasionalmente son artefactos de cores e formas rechamantes. En moitas ocasións son pezas que se recollen unha e outra vez cada día, para despegarse de novo coas primeiras luces do día. Noutros casos eses obxectos móvense continuamente pola cidade seguindo lóxicas propias.

Nestes dispositivos exercítase actividade económica, ofrécense servizos, cocíñase, dórmese, ofrécense coidados ou se repoñen as forzas para o traballo.

O denominador común a todos é a vía pública. O parterre, a mediana da avenida central, a cuneta, a rotonda ... a rúa!. As fotografías mostran riscos, sinais, umbráculos, aliñamentos, marcos, zócalos, caixas e caixóns e tamén mobles ou manequíns fóra do sitio onde estamos afeitos a velos.

A reportaxe non visibiliza á xente. Non están nas fotos. Só os seus obxectos na rúa dunha cidade africana (non importa cal) e as súas preguntas: ¿quen somos? ¿Cantos somos? ¿Por que fixemos da rúa o noso hábitat? ¿Cales son os nosos dereitos?



NOTA SOBRE OS AUTORES

Plácido Lizancos (Caracas, 1962) é arquitecto e docente na Escola de Arquitectura da Coruña. Ten desenvolvido proxectos de cooperación universitaria ao desenvolvemento en Mozambique.

Xaquín Lizancos (Coruña, 1993) é arquitecto de interiores pola ETSAM. Traballa na actividade liberal en Catalunya. Ten participado en diversos proxectos en Mozambique, algún con Arquitectura sen Fronteiras.